

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

- 11092** *Real decreto 900/2010, do 9 de xullo, polo que o título de profesor de música, regulado ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, e o diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, se declaran equivalentes ás titulaciones a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na dita lei.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), dedica o capítulo VI do seu título I ás ensinanzas artísticas, entre as cales se atopan as ensinanzas elementais e profesionais de música.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), establecía, para os mesmos niveis de ensino, o grao elemental e o grao medio de música.

De acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ano académico 2007-2008 foron implantados as ensinanzas elementais e os catro primeiros cursos das ensinanzas profesionais de música e quedaron extinguidos, respectivamente, os catro cursos das ensinanzas de grao elemental e os dous primeiros ciclos das ensinanzas de grao medio vixentes ata ese momento. Así mesmo, no ano académico 2008-2009 implantáronse os cursos quinto e sexto das ensinanzas profesionais de música e quedou extinguido o terceiro ciclo das ensinanzas de grao medio vixente ata ese momento.

A LOE establece que para exercer a docencia das ensinanzas artísticas será necesario estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou do título de grao correspondente ou titulación equivalente para efectos de docencia. A LOXSE establecía que para exercer a docencia das ensinanzas de réxime especial de música será necesario estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente, para efectos de docencia.

En desenvolvemento do establecido na disposición adicional cuarta, número 7, da LOXSE, foron publicados o Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen as equivalencias entre os títulos de música anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os establecidos na dita lei, e o Real decreto 1120/2000, do 16 de xuño, polo que se establecen as equivalencias entre os diplomas acreditativos dos estudos realizados na Escola Superior de Canto de Madrid e os títulos establecidos na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Nos citados reais decretos establécense as equivalencias de determinados títulos e diplomas anteriores á LOXSE, unicamente para os efectos da impartición das ensinanzas de música nos graos elemental e medio en centros públicos ou privados, ao título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou titulación equivalente, para os efectos de docencia.

Como se desprende dos parágrafos anteriores, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao mesmo tempo que modifica a estrutura das ensinanzas de música modifica as súas denominacións, polo que, co obxecto de evitar diferentes interpretacións, se considera necesario indicar expresamente que a situación previa do título de profesor establecido no Decreto 2618/1966, como figura no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo, e do diploma de cantante de ópera expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, como figura no Real decreto 1120/2000, do 16 de xuño, continúa invariable, mantendo os seus efectos para a impartición das ensinanzas de música nos niveis coincidentes.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as equivalencias do título de profesor establecido no Decreto 2618/1966, e do diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, unicamente para efectos da impartición da docencia das ensinanzas elementais e profesionais de música, ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2. *Equivalencia do título de profesor establecido no Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.*

O título de profesor, expedido ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, declárase equivalente, unicamente para efectos da impartición da docencia das ensinanzas elementais e profesionais de música en centros públicos e privados autorizados, ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da previsión contida no citado artigo, en relación coa formación pedagóxica e didáctica requirida.

Artigo 3. *Equivalencia do diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro.*

O diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, declárase equivalente, unicamente para efectos da impartición da docencia das ensinanzas elementais e profesionais de música en centros públicos e privados autorizados, ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da previsión contida no citado artigo, en relación coa formación pedagóxica e didáctica requirida.

Disposición adicional única. *Correspondencia de especialidades.*

As equivalencias contidas neste real decreto enténdense referidas á especialidade correspondente dos títulos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o artigo 2 do Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen as equivalencias entre os títulos de música anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os establecidos na dita lei.

2. Queda derogado o artigo 2 do Real decreto 1120/2000, do 16 de xuño, polo que se establecen as equivalencias entre os diplomas acreditativos dos estudos realizados na Escola Superior de Canto de Madrid e os títulos establecidos na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, segundo o cal lle corresponde ao Estado a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL